

# Galicia España Europa Internacional



**Emilia Seoane Pérez**

Conseleira EURES (EUROpean Employment Services)  
Profesora da Universidade de Vigo

## **EURES transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal**

O EURES (EUROpean Employment Services), creado en 1993, é unha rede de cooperación que pon en contacto a Comisión Europea cos servizos públicos de emprego dos países pertencentes ao Espazo Económico Europeo, e con outros organismos interesados en asuntos de emprego, como as universidades, os sindicatos ou as organizacións patronais. Todas estas organizacións colaboran para facilitar e promover a mobilidade dos traballadores dentro da Europa comunitaria. Máis información no n.º 51 de *Eduga* (pp. 40-43).

O Servizo Europeo de Emprego EURES ten un papel especialmente importante

nas rexións fronteirizas, ao tratarse de áreas xeográficas nas que se rexistran importantes fluxos de persoas que viven nun país e traballan noutro, os chamados transfronteirizos. Son persoas que teñen que enfrontarse a diario con lexislacións diferentes, o que leva consigo a existencia de obstáculos administrativos, xurídicos ou fiscais, á mobilidade.

Os EURES Transfronteirizos, cuxa base lexislativa está recollida no Regulamento CEE n.º 1612/68 e na Decisión 2003/8/CE da Comisión Europea, serven de plataforma de contacto entre os servizos públicos de emprego, os sindicatos, as asociacións empresariais, as universidades e outros organismos locais. O seu obxectivo é promover activamente uns mercados de traballo comúns e

abertos, e contribuír á superación dos obstáculos á mobilidade que puidese haber. Estas estruturas serven para darlles resposta ás necesidades de información dos cidadáns fronteirizos, e funcionan como foros de consulta sobre mercados laborais interrexionais.

Actualmente existen en Europa vinte EURES Transfronteirizos. En cada un deles participan, polo menos, dous estados membros, como é o caso dos dous que operan no Estado español --o de Galicia-Norte de Portugal e o de Cataluña-Francia--. Incluso poden ser tres os estados participantes, como o creado entre Bélxica-Francia-Luxemburgo. Todos eles son coordinados pola Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea. O Transfronteirizo




Fig. 1. EURES Transfronteirizos existentes na actualidade en Europa

galego-portugués recibe o nome de EURES-T Galicia-Norte Portugal, por actuar nesta Eurorrexión que ten unha extensión de 280 km. de fronteira, un territorio de 8.732 km<sup>2</sup> que abrangue 16 concellos portugueses e 49 galegos, nos que residen, pouco máis ou menos, un millón de habitantes.

O EURES Transfronteirizo Galicia-Norte Portugal creouse no ano 1998 como resultado dunha parceria entre a Comisión Europea, a Xunta de Galicia, o Instituto Nacional de Emprego (INEM) e o Instituto do Emprego e Formación Profesional de Portugal (IEFP), ademais da colaboración dos máis relevantes estamentos económicos e sociais dos dous países.

Así, EURES Transfronteirizo Galicia-Norte Portugal constitúeno os seguintes

organismos e institucións:

- Xunta de Galicia
- Instituto do Emprego e Formación Profesional de Portugal (IEFP)
- Instituto Nacional de Emprego (INEM)
- Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal
- Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte
- Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal
- Confederación de Empresarios de Galicia
- Associação Industrial do Minho
- Associação Empresarial de Viana do

Castelo

- União Empresarial do Vale do Minho
- Associação Empresarial do Alto Tâmega
- Comunidade Intermunicipal do Vale do Minho
- Comunidade Urbana do Vale do Lima
- Federación Galega de Municipios e Provincias
- Universidade do Minho
- Universidade de Vigo.

Cada un destes organismos e institucións ten encomendada a misión de desenvolver accións encamiñadas a satisfacer as necesidades do público ao que representan, no ámbito da mobilidade



entre os dous lados da fronteira.

O EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, ten unha estrutura organizativa con tres órganos de xestión:

- Comité Directivo, que reúne representantes dos organismos integrantes desta estrutura transfronteiriza, e constitúe o seu órgano máximo de coordinación e control para impulsar a consecución dos obxectivos.
- Comité Executivo, de carácter técnico, formado por representantes dos mesmos organismos, con funcións executivas derivadas das orientacións do Comité Directivo.
- Coordinación Técnica, cuxa función é garantir o desenvolvemento do parceirado, velando pola aplicación dos plans de actividades de modo coherente, e buscando sempre a complementariedade das accións dos socios entre si, no marco das

directrices establecidas pola Comisión Europea e por EURESco (Oficina Europea de Coordinación EURES na Comisión Europea).

O Servizo EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, realiza sobre todo as seguintes funcións:

- Facilita o acceso á información sobre ofertas e demandas de emprego na área transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.
- Asesora sobre a lexislación dos dous países en materia laboral, fiscal, social.
- Proporciona elementos informativos sobre condicións de vida e de traballo a ambos os lados da fronteira.
- Orienta en materia de formación e prácticas profesionais na rexión transfronteiriza.

Dende os seus inicios, unha das maiores preocupacións desta estrutura

transfronteiriza foi crear instrumentos áxiles e eficaces que permitesen dar resposta ás necesidades de información que tivesen traballadores, demandantes de emprego e empregadores transfronteirizos, sobre as oportunidades de emprego e as condicións de vida e de traballo nos dous lados da fronteira. Froito desta inquedanza son os diferentes recursos informativos elaborados e presentados en distintos formatos, pero sobre todo en CD ROM. Todos están a disposición dos interesados na web: <http://www.eures-norteportugal-galicia.org>.

Publica tamén libros, manuais e guías de grande utilidade para empregadores, empregados e demandantes de emprego, como:

- *Manual de Casos Prácticos* (2000), con información práctica sobre a resolución das situacións máis frecuentes ás que se enfrontan os traballadores transfronteirizos e as súas familias.



*eme*

- *Guía do Empresario Autónomo e do Profesional Liberal* (2001). Ofrece información sobre a constitución de empresas transfronteirizas.
- *Homologación de Títulos II. Ensino Secundario Postobrigatorio* (2002), sobre a homologación, a validación e a equivalencia de títulos profesionais entre Galicia e Portugal.
- *Censo de Traballadores Transfronteirizos Norte de Portugal-Galicia* (2003). Achega datos sobre o número de traballadores transfronteirizos que se desprazan, diaria ou semanalmente, entre Galicia e Portugal
- *Manual de creación de empresa transfronteiriza* (2004). Ofrece información actualizada sobre a creación de empresas transfronteirizas.
- *Vivir en Galicia. Traballar en Portugal. Viver em Portugal. Trabalhar na Galiza*

- (2004). Contén a lexislación que, en materia laboral, social e fiscal, afecta aos traballadores transfronteirizos e ás súas familias.
  - *Guía de recursos para a busca activa de emprego na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal* (2004). Explica que recursos e ferramentas cómpre coñecer para conseguir emprego en Galicia ou en Portugal.
  - *Mobilidade de Traballadores no Sector da Construção Civil e Obras Públicas entre o Norte de Portugal e a Galiza* (2007).
  - *Boletín Informativo EURES-T Norte Portugal-Galicia* (2007). Ofrece información estatística sobre a Eurorrexión, novidades lexislativas e respostas a consultas realizadas por traballadores e empresarios.
- Anualmente, os organismos socios do EURES Transfronteirizo (EURES-T) Galicia-Norte de Portugal organizan

diversas actividades públicas, co obxectivo de promover entre os cidadáns da Eurorrexión, a mobilidade e a construción dun único mercado de emprego integrado polas dúas rexións fronteirizas. As referencias aparecen nos medios de comunicación e poden ser consultadas puntualmente na web <http://www.eures-norteportugal-galicia.org>, así como nas respectivas webs do/s organismo/s parceiro/s organizador/es.

A Oficina de Coordinación do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, ten a súa sede no Edificio da Ex-Alfândega de Valença do Minho (Portugal).

Neste artigo tamén participou:

**Teresa González Ventín**

Coordinadora do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal

**No próximo n.º 53: Construción do Espazo Europeo de Educación Superior: Momento actual do proceso.**